

AER VEN DE PEDIR AS CONTAS DAS FESTAS DA COCA, DO CHOCO E MÁIS DAS TAXAS POR OCUPACIÓN DOS CAIXEIROS



Despois dunha iniciativa de AER no 2012, en Redondela os bancos pagan unha taxa polo emprego do espazo público cos seus caixeiros automáticos. Para o que foi necesario a modificación da ordenanza de *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.”* Modificación publicada no BOP no a no 2013, **“Caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial de vía pública: 289,00 € ao ano”**, polo que a taxa empezou a cobrarse no 2014. A Agrupación de Electores ven de solicitar información para facer o correspondente seguimento ao pago destas taxas. Segundo a información proporcionada, tanto no ano 2014 como no ano 2015 recadáronse con este concepto a cantidade de 2.601 euros ao ano.

Por outra banda, dende esta Agrupación solicitouse a relación de gastos da festa do Choco e da festa da Coca do ano 2015. Da información aportada dende o goberno local, indícase que na festa do Choco houbo uns gastos de 28.619,11 euros e nas festas da Coca a cifra que proporcionan é de 5.093,83 euros. Trala análise dos datos proporcionados, AER constata que non se está informando de xeito certo da totalidade dos gastos reais de ambos eventos, pois as cifras son irrisorias ante a magnitude que supoñen ambos eventos e porque se detectaron actividades realizadas no programa dos eventos que non aparecen relacionadas nos gastos. Atopámonos pois, ou cun caso de falta de transparencia nos gastos realizados polo Concello nos eventos que xestiona, ou cun grave descontrol na facenda local ao non existir uns balances específicos de gastos e ingresos por actividades, obras ou eventos.

Redondela, 12 de agosto de 2015